

NORMAS XERAIS DO CAMPO A TRAVÉS
COMARCA DE OURENSE (Curso 2015/2016)

O Servizo de Deportes de Ourense da Xunta de Galicia e a **AGRUPACIÓN DEPORTIVA ESCOLAR “AS BURGAS”**, en colaboración coa Delegación Ourenzá da Federación Galega de Atletismo, organiza para o presente curso académico a modalidade de **CAMPO A TRAVÉS**, dentro do programa “ACTIVIDADE DEPORTIVA”, como se expón a continuación:

1. CATEGORIAS:

CATEGORIAS	ANO DE NACEMENTO
Benxamín (masculino e feminino)	2008-2007
Alevín (masculino e feminino)	2006-2005
Infantil (masculino e feminino)	2004-2003
Cadete (masculino e feminino)	2002-2001

2. DATAS:

PROBA	PARTICIPANTES	DATA
PREVIA	Centros Educativos (en horario lectivo)	Xoves 10/12/2015
PREVIA	Centros e Clubes	Sábado 12/12/2015
FINAL COMARCAL	Centros e Clubes	Sábado 23/01/2016
FINAL PROVINCIAL	Centros e Clubes	Sábado 27/02/2016
FINAL GALEGA	Centros e Clubes	Sábado 12/03/2016

Nas Fases Previas Escolares poderá participar todo o alumnado do centro escolar que o desexe e se inscriba, incluído aquel que forme parte dalgún clube como atleta.

3. PARTICIPACIÓN:

3.1.- Poderán tomar parte en cada unha das probas os clubes ou colexios da Comarca de Ourense, que notifiquen previamente a súa inscrición no Servizo Provincial de Deportes.

3.2.- Cada centro educativo ou clube, poderá participar na primeira fase co número de alumnos/as ou atletas que desexe.

3.3.- Para as fases posteriores, as entidades clasificadas poderán formar os equipos, seleccionando aos/ás alumnos/as ou atletas.

3.4.- É recomendable que todos/as os/as participantes se presenten portando unha camiseta distintiva do seu centro ou clube.

3.5.- Calquer aspecto non recollido nestas Normas Xerais rexirase polo normativa colgada na web oficial de XOGADE (Xogos galegos deportivos en idade escolar) e o Regulamento Federativo.

4. INSCRICIÓN:

4.1.- Para as fases previas a inscrición é sen límite de atletas e sen necesidade de formar equipos. Para a final comarcal do sábado 23 de xaneiro e o Provincial, as inscricións faranse separadas por categorías e equipos.

INSCRICIÓN PREVIA COLEXIOS XOVES 10/12/2015

Remítírase os listados de inscrición (co modelo que consideredes) por algunha destas vías:

- Fax 988 386 051;
- Entrega directa no Servizo Provincial de Deportes en horario de 8:30 a 14:30 (polas tardes deixando a inscrición no garda de seguridade da entrada).
- Por correo electrónico a deportes.ourense@xunta.es.
- Para calquer aclaración ou axuda para realizar a inscrición chamar ó 988386050.

O prazo de inscrición pechárase ás: **10:00 h do mércores 09/12/2015**

É importante que na inscrición fágase constar Nome e apelidos do/a responsable ou delegado/a.

INSCRIPCIÓN RESTO PROBAS (Previa 12/12/2015 – Final comarcal 23/01/2016 – Provincial 27/02/2016)

A inscrición dos atletas participantes en cada competición será o martes anterior a cada proba, agás nas fases provinciais e autonómica, nas que as inscricións dos equipos participantes deberán estar a disposición da organización antes das 20.00 h do xoves da semana anterior á celebración da proba.

¡¡¡MUY IMPORTANTE!!!

INSTRUCCIÓN PARA TRAMITACIÓN DE INSCRIPCIÓN NA INTRANET DA RFEA

Os Clubes, Colexios ou Asociacións, unha vez dados de alta todos os deportistas na aplicación de XOGADE, deben enviar un excell (mínimo cos seguintes datos: nome e apelidos, data de nacemento, Clube e Licencia ou Mutualidade) con todos os deportistas, ó enderezo electrónico cofcluis@hotmail.com. Os deportistas serán dados de alta na aplicación RFEA e o xestor enviará un mail co usuario e a clave asignada o Clube, Colexio ou Asociación.

Os Clubes, Colexios ou Asociacións que teñan a todos os seus deportistas federados, non teñen que facer este proceso, usarán o usuario e clave que xa teñen asignado.

- 1.- Unha vez recibidos o **Usuario** e a **Contraseña**. Realizar os seguintes pasos.
- 2.- Entrar na dirección web www.rfea.es. Picar no banner superior da dereita **EXTRANET RFEA**.
- 3.- Entrar co usuario e contrasinal que me asignaron. O programa pídemme que cambie o contrasinal e faime volver a entrar co novo contrasinal. Debo apuntar e guardar este contrasinal. Con certa periodicidade o programa pedirá cambiar este contrasinal.
- 4.- Unha vez dentro da aplicación. Pinchar na opción **AREA DE COMPETICIONES** que se atopa abaixo a esquerda.
- 5.- Desplegase un menu, pinchar na opción **INSCRIPCIONES TERRITORIALES**.
- 6.- Rellenar los desplegables, **Temporada**, **Mes** y **Federación**.
- Como exemplo para esta primeira proba serían: 2015-2016, diciembre e Galicia.
- 7.- Nos resultados da búsqueda, elixir a nosa proba e facer clic na imaxe dunha tarxeta na columna inscricións (**Insc.**, penúltima columna).

8.- Seleccionar **prueba** e **sexo** e facer clic en **inscribir atleta**.

- No seguinte menu que sae, filtrar pola categoría que queremos inscribir e darlle a aceptar.
- Saenos un listado, seleccionar ós atletas que queiramos inscribir (marcamos a todos eles) e aceptar.
- Repetir o proceso para cada Categoría.

9.- Unha vez finalizado o proceso de todas as inscricións, na pestana **Inscricións**, facendo clic na lupa, pode xenerar un excell con todas as inscricións que acabo de realizar, ordenados por categoría e sexo dos atletas.

Para calquera dúbida chamar a Angel Fidalgo ó teléfono 671 052 185.

4.2.- O día da competición, os/as delegados/as oficiais de cada equipo poderán realizar un máximo de **DOUS** cambios en cada categoría, sobre a inscrición previamente realizada. Estes cambios formalizáranse na **Secretaría da Competición**, até 30 minutos antes do comezo da proba correspondente, momento no que finalizará o prazo de confirmación. Esta posibilidade non exclúe de ter debidamente mutualizados/as aos/ás corredores/as.

5. DORSAIS:

5.1.- Os dorsais serán facilitados pola Organización a través da Secretaria ata 30 minutos antes do comezo da proba correspondente. Só se permitirá o uso dos dorsais facilitados, que non poderán cortarse, dobrarse ou ocultarse de xeito algún.

5.2.- Os/as participantes quedan obrigados a levar os dorsais no peito, descalificándose a quen non o leve así.

6. CLASIFICACIÓN:

6.1.- Estableceranse dúas clasificacións:

a) INDIVIDUAL: Segundo a orde de chegada á Meta.

b) POR EQUIPOS: Sumando os puntos obtidos polos catro (3 en Cadete) corredores mellor clasificados, resultando vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.

6.2.- Clasificaranse para disputar a Fase Provincial, OS **DOUS MELLORES EQUIPOS** das distintas categorías. Ademáis, clasificaranse os **OITO PRIMEIROS/AS ATLETAS** de cada



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

categoría, sempre e cando non sexan dalgún dos equipos xa clasificados. (En ningún caso se correrá o posto de invitado os atletas que chegaran a partir do 8º clasificado)

6.3.- No caso de que algún centro educativo ou clube, de conformidade coas normas anteriores, presente varios equipos na mesma categoría, permitiráselle, se se clasifica para as seguintes fases, formar os equipos seleccionando aos/as atletas.

7. LUGAR:

COMPLEXO DEPORTIVO MONTERREI

8.- HORARIOS

Archivo adxunto.

NOTA: Para o traslado do alumnado ao lugar de celebración da proba, os/as responsabeis ou delegados/as poranse en contacto co Servizo Provincial de Deportes, unha vez formalizada a inscrición.

Ourense, a 09 de Novembro de 2015

O COORDINADOR PROVINCIAL DO DEPORTE ESCOLAR